# Fantástica obra no festival de Nadal.

*Todo o mundo participou e ata os máis pequenos aprenderon a súa parte.*

O principio do festival parecía un pouco desastroso. Xa chegaran as familias para asistir o espectáculo que as nenas e os nenos tiñan preparado e resulta que non funcionaban os micros, que levaban funcionando toda a semana durante os ensaios. Houbo un ratiño de tensión, pero finalmente apareceu a avería. Resulta que alguén movera o amplificador e queimáraselle unha peza. Por sorte había outro, e despois de cambialos todo funcionou. Empezou a obra, na que todos e todas se divertiron moito. Cada un tiña o seu papel. Só nun momento alguén se esqueceu de como seguía a cousa, pero enseguida se puido arrancar outra vez, para ledicia de tódolos asistentes.



*Os alumnos e as alumnas en plena representación.*

Máis tarde viñan as panxoliñas. Os de terceiro e cuarto cantaron en inglés e en español. Os de quinto e sexto cantaron en inglés. Todo saiu perfecto, aínda que nos ensaios desafinaban moito.

Ó remate do festival viña a comida, que como era Nadal era de festa.



*Ó remate da obra non faltaron as panxoliñas.*

# Concurso de tarxetas de Nadal.

*As gañadoras foron enviadas ás casas para anunciar os actos do festival.*

Os últimos días antes da festa do Nadal, algúns alumnos e alumnas adicáronse ó deseño das tarxetas para anunciar os festexos ás familias. As máis vistosas serían finalmente seleccionadas para aparecer na comunicación oficial.







*Estas foron ás gañadoras*